

O manifesto comunista

Marx - Engels


XERAIS LIBROX (1379510)

128 páxinas

ISBN: 978-84-9914-778-9

P.V.P: 12,50 €

NOVIDADES XANEIRO 2015



«O MANIFESTO COMUNISTA»

MARX - ENGELS

UN CLÁSICO DO MOVEMENTO EMANCIPATORIO.

O manifesto comunista é un clásico do movemento emancipatorio. A súa perennidade atópase no impulso moral que o inspira: o aborrecemento da inxustiza. As ideas centrais que discorren ao longo do manifesto son: a) que o modo económico dominante de produción e a estrutura social que se deriva del nunha época histórica constitúe o fundamento sobre o que se basea a súa historia política e intelectual, que unicamente se pode explicar a partir desa base; b) que a historia da humanidade foi unha historia de loitas entre as clases explotadoras e explotadas; c) que esa historia de loita de clases chegou a unha etapa na que a clase explotada e oprimida –os traballadores da era industrial– non poden liberarse sen liberar toda a sociedade da explotación e opresión, isto é, sen poñer fin ás loitas de clases. (Juan Ramón Capella, *Leer “El Manifiesto Comunista hoy”*)

Karl Marx (Tréveris, 1818-Londres, 1883). Despois de dirixir a “Gaceta Renana” (1842), escribe “Manuscritos económicos e filosóficos” (1844) e, con F. Engels, “A Sagrada Familia” (1844) e “A ideoloxía alemá” (1845-46), primeiras fundamentacións do materialismo histórico, e “Miseria da filosofía” (1847). Únese á Liga dos Comunistas para a que escribirá, con Engels, “O manifesto comunista” (1848). Exporá a súa teoría do estado capitalista en varias obras de carácter histórico e iniciará logo un amplo programa de análise económica sobre o modo de produción capitalista que culminará no primeiro volume de “O capital” (1867).

Friedrich Engels (Barmen, 1820-Londres, 1895). Tras a súa colaboración con Marx en “A Sagrada Familia” e “A ideoloxía alemá”, publica “A situación da clase obreira en Inglaterra” (1845), e reanuda o seu traballo con Marx na redacción de “O manifesto comunista”. Ademais, ocupouse da edición do segundo e terceiro volume de “O capital” en 1885 e 1894.